



RESOLUCIÓN DO 1 DE XULLO DE 2021, DA XERENCIA DA ÁREA SANITARIA DA CORUÑA E CEE, POLA QUE SE RESOLVE A CONVOCATORIA DO 15 DE XANEIRO DE 2021 (DOG NÚM. 11, DO 19 DE XANEIRO), DE VINCULACIÓN TEMPORAL PARA A COBERTURA DE DIVERSAS PRAZAS DA CATEGORÍA DE FACULTATIVO ESPECIALISTA DE ÁREA, NA ESPECIALIDADE DE UROLOXÍA

Con data 10 de maio de 2021 publicáronse as puntuacións provisionais obtidas polos/as aspirantes na convocatoria de data 15 de xaneiro de 2021 (DOG nº 11, do 19 de xaneiro), de vinculación temporal para a cobertura de diversas prazas da categoría de Facultativo Especialista de Área, no relativo á especialidade de Uroloxía.

O día 9 de xuño de 2021 publicáronse as puntuacións definitivas e a resolución da convocatoria, indicando, no punto terceiro, o día 1 de xullo de 2021 como data de incorporación, e que, de non producirse a sinatura e a incorporación efectiva á praza na data ou prazo indicado, o/a interesado/a perderá os dereitos como adxudicatario/a ao nomeamento, podendo ser chamado o/a aspirante seguinte de conformidade coa orde de maior a menor puntuación outorgada pola Comisión de Avaliación.

En base ó anteriormente dito, e dado que a aspirante Estefanía Romero Selas non se incorporou á praza adxudicada, esta Xerencia

RESOLVE:

Adxudicar a Andrea María Orosa Andrada o nomeamento como interina en praza vacante no Complexo Hospitalario Universitario da Coruña.

DILIXENCIA:

Para facer constar que con esta mesma data procédese a publicación da presente Resolución na páxina web do Servizo Galego de Saúde e na páxina web do Espazo do Profesional da Xerencia da Área Sanitaria da Coruña e Cee

A Coruña, 1 de xullo de 2021
O Director de RR.HH.

Asdo.: Javier Fernández Nistal

A Coruña, 1 de xullo de 2021
O XERENTE DA ÁREA SANITARIA

SERVIZO GALEGO de SAÚDE
Área Sanitaria da Coruña e Cee
XERENCIA

Asdo.- Luis Verde Remeseiro